Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades da agrupación, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, excepto en 1º GP

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados trimestralmente en cada obra. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel trimestrais (Criterio Avaliación individual). Só para o alumnado ao que, por motivos de asistencia, non se lle poida facer unha observación directa. A proba realizarase na semana de exames.

Para a nota teranse en conta as obras traballadas durante o trimestre, sendo que a cada obra se lle aplicarán os criterios de avaliación por separado.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno**

de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación trimestral será a media aritmética do conxunto de notas de obras traballadas nese trimestre xunto coa proba de aula se fose o caso.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes:

1º trimestre 30%

2º trimestre 30%

3º trimestre 40%

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación serán a observación directa (caderno de seguimento), a participación nas audicións e concertos e, de ser o caso, as probas puntuais de nivel, quedando os criterios de cualificación na rúbrica (anexos) e a ponderación dos mesmos do seguinte xeito:

- INDIVIDUAL: 50% (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)
- GRUPAL: 50% (Coñecemento das indicacións do director, estilo e resolución de problemas.)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

- Interpretación individual e grupal de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os **criterios de cualificación** da proba son os mesmos para o curso ao que se quere promocionar

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser de 3 ou máis sesións

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso na voz correspondente ao curso do alumno, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Parte B) Proba escrita sobre coñecementos das obras traballadas durante o curso. A proba versará sobre as obras, autores e contexto das mesmas.

Parte C) Interpretación individual dun extracto dunha obra a primeira vista.

Os criterios de cualificación para a proba son os seguintes:

- PROBA ESCRITA (25% parte B) (coñecementos históricos e estilísticos sobre o repertorio traballado no curso)
- INDIVIDUAL: (50% parte A, 25% parte C) (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso na voz correspondente ao curso do alumno, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Parte B) Proba escrita sobre coñecementos das obras traballadas durante o curso. A proba versará sobre as obras, autores e contexto das mesmas.

Parte C) Interpretación individual dun extracto dunha obra a primeira vista.

Os criterios de cualificación para a proba son os seguintes:

- PROBA ESCRITA (25% parte B) (coñecementos históricos e estilísticos sobre o repertorio traballado no curso)
- INDIVIDUAL: (50% parte A, 25% parte C) (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.5.5 Recursos didácticos

- Banda Sucre, Marcha Sinfónica, de G. Orsomando
- Diagram, Suite para Banda, de André Waignein
- Ivanhoe, Bert Appermont
- Orfeo nos infernos, de Offenbach
- Música i poble, de Ferrer Ferrán
- Mar i Bel, de Ferrer Ferrán
- Rivierencyclus, A. Malando
- Cordillera de los Andes, de A. Malando
- Charles Chaplin, selección, de Chaplin/Dellange/Willson. Arr. Marcel Peeters
- A Manuela, de Antón Alcalde
- Candide, Overture, de L. Bernstein
- La forza del destino, de G. Verdi

- Jazz Suite nº 2, de D. Shostakovich
- Goyescas, Intermezzo, de E. Granados
- Loch Ness, Fantasía para Banda, de J. de Meij
- Polifemo, de Andrés Valero-Castells
- Eugenia López, Pasodoble, de B. Adam Ferrero
- Viva Navarra, Xota, de Joaquín Larregla
- Ou calquera outra de nivel e características similares ás citadas.
- Suite Vigo, de Reveriano Soutullo
- La primitiva, de Jef Penders
- Danzas Armenias, de Alfred Reed
- Estrasantico, de Simón Couceiro
- Gallaecia, de José Bugallo Senra
- Tres imaxes de Mudga, de David Fiuza Souto
- Obertura Sinfónica, de James Barnes
- Third Symphony, de James Barnes
- Variacións sobre un tema de Paganini, de James Barnes
- Marea negra, de Antón Alcalde
- Lembranzas do mar, de Antón Alcalde
- Pórtico, de Antón Alcalde
- Ou calquera outra de nivel e características similares ás citadas

6.6 Curso: 6º Grao Profesional

6.6.1 Obxectivos

- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias do repertorio e en función do nivel de curso. INDIVIDUAL (técnica e afinación)
- Controlar a sonoridade, o timbre, tempo e a dinámica tanto de forma individual coma colectiva. INDIVIDUAL E GRUPAL (ritmo e dinámicas)
- Dominar con certa corrección o fraseo tanto na interpretación individual coma colectivamente acorde ao indicado polo director/a. INDIVIDUAL E GRUPAL (fraseo)
- Coñecer e saber reaccionar correctamente aos xestos do director e ás súas indicacións en canto a tempo, fraseo, articulación, etc. GRUPAL (Coñecemento de indicacións e estilo)
- Amosar unha actitude positiva e interese pola materia. INDIVIDUAL (esforzo)
- Unificar criterios en canto ao fraseo e carácter dentro da interpretación orquestral e de conxunto instrumental. GRUPAL (resolución de problemas)

6.6.2 Contidos

- Axilidade e coordinación psicomotriz na interpretación (técnica). *
- Capacidade de afinar con corrección (afinación). *
- Manter o pulso estable e con rigor rítmico (ritmo). *
- Interpretar con corrección musical (fraseo e dinámicas). *
- Coñecementos da linguaxe de dirección (Coñecemento de indicacións).*
- Interpretar a obra respectando as características interpretativas da época (estilo). *
- Participación activa e colaborativa (esforzo).*
- Traballo autónomo adecuado ao curso (resolución de problemas). *

Considéranse como mínimos esixibles os contidos marcados cun asterisco (*)
Os contidos mínimos vense reflectidos no repertorio traballado no curso

6.6.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- INDIVIDUAL: Interpretar as obras propostas cunha técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas de xeito correcto e acorde ao curso. Amosar interese pola materia. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.
- GRUPAL: Dominar a interpretación dentro da agrupación usando as indicacións do director, o estilo da obra e resolución de problemas dentro da agrupación. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

k) Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Considerararanse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

l) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades da agrupación, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, excepto en 1º GP

b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados trimestralmente en cada obra. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel trimestrais (Criterio Avaliación individual). Só para o alumnado ao que, por motivos de asistencia, non se lle poida facer unha observación directa. A proba realizarase na semana de exames.

Para a nota teranse en conta as obras traballadas durante o trimestre, sendo que a cada obra se lle aplicarán os criterios de avaliación por separado.

Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno**

de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación trimestral será a media aritmética do conxunto de notas de obras traballadas nese trimestre xunto coa proba de aula se fose o caso.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes:

1º trimestre 30%

2º trimestre 30%

3º trimestre 40%

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación serán a observación directa (caderno de seguimento), a participación nas audicións e concertos e, de ser o caso, as probas puntuais de nivel, quedando os criterios de cualificación na rúbrica (anexos) e a ponderación dos mesmos do seguinte xeito:

- INDIVIDUAL: 50% (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)
- GRUPAL: 50% (Coñecemento das indicacións do director, estilo e resolución de problemas.)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

- Interpretación individual e grupal de todas ou parte das obras programadas para o curso, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os **criterios de cualificación** da proba son os mesmos para o curso ao que se quere promocionar

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser de 3 ou máis sesións

Dita proba consistirá en:

Parte A) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso na voz correspondente ao curso do alumno, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Parte B) Proba escrita sobre coñecementos das obras traballadas durante o curso. A proba versará sobre as obras, autores e contexto das mesmas.

Parte C) Interpretación individual dun extracto dunha obra a primeira vista.

Os criterios de cualificación para a proba son os seguintes:

- PROBA ESCRITA (25% parte B) (coñecementos históricos e estilísticos sobre o repertorio traballado no curso)
- INDIVIDUAL: (50% parte A, 25% parte C) (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso na voz correspondente ao curso do alumno, a elección do profesorado. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Parte B) Proba escrita sobre coñecementos das obras traballadas durante o curso. A proba versará sobre as obras, autores e contexto das mesmas.

Parte C) Interpretación individual dun extracto dunha obra a primeira vista.

Os criterios de cualificación para a proba son os seguintes:

- PROBA ESCRITA (25% parte B) (coñecementos históricos e estilísticos sobre o repertorio traballado no curso)
- INDIVIDUAL: (50% parte A, 25% parte C) (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.6.5 Recursos didácticos

- Banda Sucre, Marcha Sinfónica, de G. Orsomando
- Diagram, Suite para Banda, de André Waignein
- Ivanhoe, Bert Appermont
- Orfeo nos infernos, de Offenbach
- Música i poble, de Ferrer Ferrán
- Mar i Bel, de Ferrer Ferrán
- Rivierencyclus, A. Malando
- Cordillera de los Andes, de A. Malando
- Charles Chaplin, selección, de Chaplin/Dellange/Willson. Arr. Marcel Peeters
- A Manuela, de Antón Alcalde

- Candide, Overture, de L. Bernstein
- La forza del destino, de G. Verdi
- Jazz Suite nº 2, de D. Shostakovich
- Goyescas, Intermezzo, de E. Granados
- Loch Ness, Fantasía para Banda, de J. de Meij
- Polifemo, de Andrés Valero-Castells
- Eugenia López, Pasodoble, de B. Adam Ferrero
- Viva Navarra, Xota, de Joaquín Larregla
- Ou calquera outra de nivel e características similares ás citadas.
- Suite Vigo, de Reveriano Soutullo
- La primitiva, de Jef Penders
- Danzas Armenias, de Alfred Reed
- Estrasantico, de Simón Couceiro
- Gallaecia, de José Bugallo Senra
- Tres imaxes de Mudga, de David Fiuza Souto
- Obertura Sinfónica, de James Barnes
- Third Symphony, de James Barnes
- Variacións sobre un tema de Paganini, de James Barnes
- Marea negra, de Antón Alcalde
- Lembranzas do mar, de Antón Alcalde
- Pórtico, de Antón Alcalde
- Ou calquera outra de nivel e características similares ás citadas

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de CONXUNTO deixarase constancia deste seguimento así como de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, unha análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así como sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.

9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso a outros cursos

9.1.1 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal

A realización da proba de acceso constará de tres partes:

a) Proba de interpretación individual: Das obras publicadas na web do centro no apartado “probas de acceso a outros cursos”, o alumnado descargará as particellas correspondentes á súa especialidade instrumental e curso ao que aspira e interpretará os fragmentos que lle indique o tribunal examinador.

b) Proba escrita.

c) Proba de lectura a primeira vista de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.

Contidos

Os indicados nesta programación.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios para cualificar esta proba serán os seguintes:

- INDIVIDUAL (parte a, interpretación individual): 50% (técnica, afinación, ritmo, fraseo, dinámicas e esforzo)

  PARTE B (proba escrita): 25%

  PARTE C (lectura a primeira vista): 25%

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

A valoración da parte B desta proba será conforme ao establecido no documento Valoración da parte B das probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Grao Profesional, que se pode consultar na web do centro.

9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.

- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.3 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais) e avaliación negativa (só criterio individual)

RÚBRICA DE AVALIACIÓN e DA PROBA TRIMESTRAL DAS OBRAS				
BANDA				
ALUMNO/A				
ESPECILIDADE			CURSO	
CRITERIO DE AVALIACIÓN: INVIDUAL				
Non é capaz de interpretar o repertorio	Presenta moitas dificultades na interpretación do repertorio. Afinación incorrecta, erros rítmicos, pulso inestable e sonoridade incorrecta.	Soamente interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación moi pouco precisa, pulso inestable e sonoridade incorrecta.	Interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación incorrecta en varios momentos, pulso pouco estable e sonoridade adecuada. Por veces realiza as indicacións de dinámica e agóxica.	Interpreta cunha afinación non moi precisa, algunhas dinámicas, pulso pouco estable e sonoridade e fraseo adecuada.
1	2	3	4	5
É capaz de tocar moderadamente as pasaxes, afinación xusta, fraseo re ritmo correctos. E algo responsable co repertorio	É capaz de interpretar cunha boa afinación, ritmo estable e sonoridade moi adecuada, é reponsable co repertorio	É capaz de interpretar cunha afinación exacta, ritmo moi estable e sonoridade moi adecuada, é bastante reponsable co moi repertorio	É capaz de interpretar cunha afinación perfecta, ritmo exacto e sonoridade moi equilibrada, é reponsable co moi repertorio. É moi reponsable co moi repertorio	É capaz de interpretar cunha afinación excelente, ritmo perfecto e sonoridade totalmente equilibrado, é capaz de seguir todas as indicacións con soltura de dinámica e de agóxica. É moi reponsable co moi repertorio
6	7	8	9	10
CRITERIO DE AVALIACIÓN: GRUPAL				
Non é capaz de interpretar o repertorio	Non é capaz de realizar as indicacións do director, toca fora de estilo e no resolve os problemas nen se esforza.	Non é capaz de realizar as indicacións do director, pouco estilo e non resolve os problemas.	Por veces realiza as indicacións do director/a, estilo básico, non resolve problemas.	Por veces realiza as indicacións do director/a. Esfórzase o xusto con unha capacidade de resolucion de problemas limitada.
1	2	3	4	5
É capaz de seguir algunha indicación do director/a. Coñece o estilo da obra e cosegue resolver algún dos problemas da obra	É capaz de seguir a maioría das indicacións do director/a. Coñece o estilo da obra e resolve os problemas da obra	É capaz de seguir a maioría das indicacións do director/a. Coñece o estilo da obra e resolve os problemas da obra	É capaz de seguir a todas as indicacións do director/a. Coñece o estilo perfectamente da obra e resolve todos os problemas da obra	É capaz de seguir a todas as indicacións do director/a. Coñece o estilo perfectamente da obra e resolve todos os problemas da obra excelentemente.
6	7	8	9	10

9.4 Rúbrica de avaliación extraordinaria

RÚBRICA DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA				
BANDA SINFÓNICA				
ALUMNO/A				
ESPECILIDADE			CURSO	
PROBA DE INTERPRETACIÓN INVIDUAL E PRIMEIRA VISTA				
Non é capaz de interpretar o repertorio	Presenta moitas dificultades na interpretación do repertorio. Afinación incorrecta, erros rítmicos, pulso inestable e sonoridade incorrecta. Non é capaz de realizar as indicacións de dinámica e agóxica.	Soamente interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación moi pouco precisa, pulso inestable e sonoridade incorrecta. Non é capaz de realizar as indicacións de dinámica e agóxica.	Interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación incorrecta en varios momentos, pulso pouco estable e sonoridade adecuada. Por veces realiza as indicacións de dinámica e agóxica.	Interpreta cunha afinación non moi precisa, pulso pouco estable e sonoridade adecuada. Por veces realiza as indicacións de dinámica e agóxica.
1	2	3	4	5
É capaz de interpretar cunha boa afinación, ritmo estable e sonoridade adecuada, é capaz de seguir algunha indicación de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha moi boa afinación, ritmo estable e sonoridade moi adecuada, é capaz de seguir a maioría das indicacións de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha afinación exacta, ritmo moi estable e sonoridade moi adecuada, é capaz de seguir das indicacións de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha afinación perfecta, ritmo exacto e sonoridade moi equilibrada, é capaz de seguir as indicacións con soltura de dinámica e de agóxica. Lidera algo	É capaz de interpretar cunha afinación perfecta excelente, ritmo perfecto e sonoridade totalmente equilibrado, é capaz de seguir todas as indicacións con soltura de dinámica e de agóxica. Lidera sobradamente.
6	7	8	9	10

PROBA	PARTE A - Individual 50%	PARTE B - Escrita 25%	PARTE C - Primeira vista 25%	NOTA FINAL